

XIII Edición PREMIOS BACELO DE PRATA (21/12/2019)

Sr. Conselleiro de Medio Rural

Sr. Presidente da Asociación Álvaro das Casas

Sr. Alcalde de Ribadavia

Sr Director da AGACAL

Sres. Premiados e mencionados de honra

Entidades que conforman o colectivo GaleguizarGaliza

Moi bos días amigos e amigas....

Coma sempre, quero principiar a miña intervención agradecendo á Asociación Álvaro das Casas o convite a esta XIII edición dos Premios Bace-lo de Prata; unha cita obrigada para os comprometidos na bendita tarefa da redención galeguista da nosa terra.

Grazas tamén a todas as entidades que conforman o colectivo “GaleguizarGalicia” polo traballo que desenvolven a prol da uso do idioma do noso país en todos e cada un dos eidos da nosa vida social.

Amigos.....

Vostedes mellor ca min saben que estes galardóns que hoxe entregamos recoñecen o compromiso das nosas empresas agroalimentarias co idioma galego a través da etiquetaxe e a publicidade dos seus produtos.

Neste sentido quero felicitar aos premiados e mencionados na presente edición. Parabéns para a Queixería Bama, un proxecto familiar que aposta polo uso do galego como valor engadido e pola investigación como paso previo á innovación. Tamén para a IXP Pan de Cea, unha entidade de calidade que significa, como a Denominación de Orixe Protexida Ribeiro, a verdadeira tradición galega.

Permitiranme que por razóns obvias me tome a licenza de citar xuntas ás outras dúas entidades honradas hoxe.

A Adeg-a Solaina Minei, unha sociedade agraria creada hai 10 anos no Ribeiro que nos demostra, escribindo en verbas galegas, que é posible vivir do rural

dignamente e fixar poboación á terra sempre que haxa dúas premisas: compromiso e cooperación. Oxalá que os “nove queipos sigan a facer un culeiro”.

E finalmente á Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, a miña Evega, que con 34 anos de idade é a segunda Estación máis moza do Estado español pero posiblemente a que máis competencias asume. Unha fiestra de Leiro aberta a toda Galicia que, con moito suor e lle poddo asegurar que tamén con algunha bágoa, soubo atopar o seu sitio como centro de referencia do sector vitivinícola galego.

Amigos...

Pero para min que, coma Vicente Risco, tento tomarlle todos os días o pulso e a medida ás cousas, os Báculos de Prata significan algo máis: contribúen a substanciar o galeguismo concibido como pensamento e acción aplicados a unha realidade integral. E esta realidade hoxe en día liga dous conceptos que se atopan, quizais máis que nunca, en serio perigo de extinción: o rural e o noso idioma.

E digo en serio perigo de extinción porque nos tempos grises e mediocres que vivimos non podemos esquecer que estamos diante dunha sorte de *cleavage* social: por unha banda son conceptos esenciais para todo aquel que, coma min, adoita vivir Galicia con espírito fondo e un forte sentido histórico e social; e pola outra constitúen termos perfectamente substituíbles no pensamento e intención de quen naufraga decote na contemplación da simple codia das cousas.

Por esta razón engadida estou sempre ledo e agradecido de asistir a este acto; por que me dá azos e esperanza de que o galeguismo integral é o único camiño posible para esta terra e tamén por iso admiro moito máis o labor do colectivo “GaleguizarGalicia”.

Un galeguismo integral que significa tanto a concepción de Galicia coma un *totus continuum* mais tamén a súa materialización política e social activa en todas e cada unha das manifestacións da nosa vida cotiá.

Amigos, ou o entendemos isto así e actuamos ou Galicia morrerá nese mar gris dunha uniformidade imposta tanto polo fenómeno da globalización como por quen tenta destruír a diversidade no canto de construír un proxecto suxestivo de vida en común.

Un galeguismo integral que precisa que os veciños desta bendita terra o interioricemos e desenvolvamos na nosa praxe vital diaria. E por esta razón quero darlle uns dobres parabéns aos premiados e mencionados hoxe.

Galicia foi, é e será sempre un organismo vivo con identidade propia e por iso tamén unha tarefa eternamente inacabada. Mais tamén é ben certo que só a través dunha implicación activa dos galegos coa súa terra conseguiremos que sexa aquel feito universal ao que sempre aspirou por historia, por dereito e por caste.

Remato xa....

Hai meses lin un artigo do voso compañeiro Xosé González Martínez quen, tentando que fagamos pé nas raíces da terra, expoñía a metáfora de Pepe Guindeiro; un galego de Trives especialista en sementar as leiras labradas con sucos dereitos espaxando con intelixencia, paciencia e precisión.

E penso que aquí radica a chave do éxito que está por chegar á causa da fe na nosa terra: unha sementeira eficiente desenvolvida en todos os recunchos da leira galega.

Porque ademais da contemplación de Galicia con espírito fondo eu tamén coido que “Unha boa sementeira é a mellor garantía para tirarlle proveito no tempo da seitura”.

Saúde e terra. Moitas grazas

Esposende, 21 de decembro de 2019